



## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei doc. núm. **47313**, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 5 de xuño de 2019. (10/PNC-003820).

### Emenda de Adición

Debese engadir como punto 4 na parte resolutiva da proposta o seguinte:

4.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a facer os cambios normativos e legais necesarios para sacar a produción hidráulica e nuclear do Pool diario que fixa o prezo da enerxía eléctrica, obrigando a súa posta a disposición de empresas mediante contratos PPA, circuítos pechados de distribución e comercializadoras a prezo regulado e estable a longo prazo.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal  
Deputado do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 04/06/2019 10:45:46**

**Luis Villares Naveira na data 04/06/2019 10:46:06**



## Á Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **EMENDA** á Proposición non de lei doc. núm. 49407, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a creación pola Xunta de Galicia dun órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais, co fin de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 5 de xuño de 2019. (10/PNC-004001)

### Emenda de Modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración Autonómica, as entidades locais da comunidade e as organizacións e asociacións de defensa dos consumidores e usuarios co obxectivo de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten á protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias”.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019.





Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 04/06/2019 11:08:31**

**Luis Villares Naveira na data 04/06/2019 11:08:51**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **47313 (10/PNC-003820)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 5 de xuño de 2019.

### Emenda de adición

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

“4. Incrementar as actuacións de asesoramento e facilidades de financiamento respecto das enerxías renovábeis aplicadas ao sector agrogandeiro e desenvolver, se for preciso, novos estudos sobre as necesidades do sector de forma que se compense a falta de planificación ao respecto das Directrices Enerxéticas da Xunta de Galiza para o período 2018-2010.”

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2019 12:40:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2019 12:40:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **49407 (10/PNC-004001)**, sobre a creación pola Xunta de Galicia dun órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais, co fin de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 5 de xuño de 2019.

### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cumprir e desenvolver a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, con especial atención ao Artigo 71.5 e 73.”

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2019 12:36:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2019 12:37:03**





## Á Mesa da Comisión 6ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a creación pola Xunta de Galicia dun órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais, co fin de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias (49407).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver e cumprir a Lei 2/2012 do 28 de marzo, galega de protección xeral ás persoas consumidoras e usuarias, especialmente no referido aos artigos 54, 71.5, 72 e 73.

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/06/2019 16:01:51**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/06/2019 16:02:08**



## Á Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras (10/PNC-003968, doc. núm. 49126)

### Emenda de modificación

Débase modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“2. Manter o diálogo e colaboración cos concellos das comarcas de Valdeorras e Trives e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.”

Pazo do Parlamento, 04 de xuño de 2019

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/06/2019 16:10:32**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/06/2019 16:10:39**



## Á Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as demandas que debe realizar Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa creación da tarifa de acceso regulado á enerxía nuclear e hidráulica histórica (10/PNC-004033, doc. núm. 49802)

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central, concretamente ao Ministerio de Transición Ecolóxica, que no marco da reforma do sector eléctrico se avalíe o desenvolvemento normativo dunha nova tarifa de acceso regulado a enerxía nuclear e hidráulica histórica, o que permitiría establecer tarifas a prezo fixo e o desenvolvemento de contratos a longo prazo.”

Pazo do Parlamento, 04 de xuño de 2019

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/06/2019 16:10:53**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/06/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 50590**  
Data envío: 04/06/2019 16:11:54.240

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/06/2019 16:10:59**

CSV: REXISTROHnOWUQKr35  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Moisés Blanco Paradelo, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **(10/PNC-003820) (47313)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. A intensificar as axudas do INEGA dirixidas ao sector agrícola primario para a mellora da eficiencia e aforro enerxético e para o fomento das renovables.
2. A que inste ás empresas distribuidoras de enerxía eléctrica a que fagan as actuacións necesarias para que se manteña a calidade do subministro eléctrico, e nomeadamente que o TIEPI e o NIEPI no rural concentrado e no rural disperso non superen os valores de 3 e 2 respectivamente.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/06/2019 18:05:08**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/06/2019 18:08:13**

